

# OS PREZOS DOS SERVICIOS E OS NON-SERVICIOS NAS DISTINTAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS: UNHA ANÁLISE COMPARATIVA<sup>1</sup>

PILAR GONZÁLEZ MURIAS

Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 7 marzo 1997

*Aceptado:* 19 maio 1997

---

**Resumo:** A análise económica rexional ocúpase dos prezos como unha variable importante que incide no nivel económico rexional. No noso traballo facemos un estudio comparativo dos niveis dos prezos relativos das distintas Comunidades Autónomas e destacámo-la importancia do método de determinación dos índices dos prezos correspondentes.

O estudio céntrase igualmente en diferenciar-la totalidade das mercadorías segundo sexan servicios ou non, para contrastar se a homoxeneidade nos prezos é superior para o caso dos non-servicios.

**Palabras Clave:** Comparacións económicas rexionais; Niveis dos prezos relativos; Índices dos prezos espaciais; Prezos de servicios; Prezos de bens.

## THE PRICE OF SERVICES AND NON-SERVICES IN THE DIFFERENT AUTONOMOUS COMMUNITIES: A COMPARATIVE ANALYSIS

**Summary:** The regional economical analysis deals with prices as an important variable that affects the economical regional level. In this paper we carry out a comparative study of the level of relative prices in the different Autonomous Communities pointing out the importance of the determination method of the corresponding price index.

The study is also focused on differentiating the total number of products either services or non-services in order to find out whether homogeneity in prices is higher in the case of the non-services.

**Keywords:** Regional economical comparisons; Relative price index; Spatial price index; Service prices; Goods prices.

---

## INTRODUCCIÓN

A análise económica comparativa das distintas Comunidades que constitúen o Estado español é un campo de interese económico e político que ten transcendencia na toma de decisións da política dos gobernos autónomos, na do goberno do Estado así como noutras instancias, sobre todo, da Unión Europea. Tamén, e non con menos importancia, a información que se obtén deste tipo de análise é relevante para a estratexia dos distintos axentes económicos privados: políticas comerciais, accións de localización industrial, etc.

Entre os múltiples aspectos que se inclúen na análise económica ímonos centrar neste traballo nas comparacións de prezos entre Comunidades, sobre todo destacando as diferencias que poden existir segundo considerémo-los servicios ou o resto das mercadorías. Ademais, esas comparacións fanse tendo en conta que se trata de comparar rexións nun mesmo momento do tempo polo que a metodoloxía ha ser adecuada a esa análise. Resaltamos, pois, dous obxectivos fundamentais:

---

<sup>1</sup> A autora desexa agradecer ós avaliadores anónimos as súas suxestións.

- Medi-las diferencias de prezos entre as Comunidades Autónomas españolas e clasificar esas diferencias segundo se trate ou non de servizos.
- Que a medición se faga seguindo unha metodoloxía adecuada para as comparacións de prezos espaciais.

O marco teórico das comparacións de prezos rexionais é o da análise económica espacial que, como sinala Bueno Lastra (1990), foi "*una parcela olvidada no análisis económico*" xa que os intereses analíticos estiveron noutros puntos e, polo tanto, desenvolveron outros campos da teoría. Evidentemente, existen particularidades na análise económica rexional, pola propia inclusión do espacio xeográfico, que esixen desenvolvementos distintos da teoría económica anque se nutra da teoría xeral e da propia teoría da economía internacional. Aínda que tampouco neste último caso se pode realizar unha total adecuación, porque tamén hai numerosas diferencias entre o que constitúe un país ou o que se entende por unha rexión dentro do Estado, entre outras a existencia de aranceis, a existencia de tipos de cambio distintos e, por conseguinte, a posibilidade de exercer políticas de tipo de cambio, a mobilidade laboral e de capitais que é distinta entre países ca entre rexións ou Comunidades dun mesmo Estado, etc. Evidentemente tamén hai diferencias segundo os países que se consideren, xa que nun ámbito de integración económica poderían presentarse menos diferencias entre países do que pode suceder entre as rexións dun mesmo país. Algúns supostos non sempre son reais, por exemplo, que a mobilidade laboral sexa superior entre rexións ca entre países pode non se-la regra xeral; así España é un país que non se caracteriza por ter movementos migratorios interrexionais cando o emprego se ve alterado positiva ou negativamente nalgunha das súas Comunidades. Pero sobre todo e resumindo, temos que destacar que a teoría da análise económica rexional non pode ser unha translación da economía internacional.

Discutir sobre as causas do esquecemento no que se mantivo a teoría da análise económica rexional sería longo, como tamén o é analiza-los factores que actúan para que a partir da Segunda Guerra Mundial medre o interese por este campo de estudio.

As variables que entran nas análises son numerosas: superficie, poboación, renta *per cápita*, valor engadido por sectores, etc. Pero nós centrámonos nunha que, tendo unha importante incidencia, pensamos que non foi analizada de modo adecuado; referímonos ós niveis dos prezos, que poden ser distintos para as rexións e que no foron obxecto de medida concreta<sup>2</sup>. De igual xeito que ocorre coa inflación que perturba a distribución eficiente dos recursos, as disparidades de prezos inciden por si mesmas e tamén noutras variables que adoitan conforma-los criterios de decisión nas políticas rexionais. Estas disparidades constitúen un obxectivo importante para a análise comparativa rexional que nos interesa estudar.

---

<sup>2</sup> Os estudos centráronse en analizar comparativamente a evolución dos prezos en cada Comunidade pero non os niveis relativos. É o caso do traballo de M.C. Alcaide Guindo (1983): "Una aproximación á medición empírica da incidencia dos prezos no fenómeno das desigualdades rexionais", *Situación*, núm. 1. Banco Bilbao.

## APROXIMACIÓN Á MEDIDA DAS DIFERENCIAS DE PREZOS ENTRE COMUNIDADES

A medición das diferenzas de prezos presenta elementos distintos entre o caso temporal e o espacial. Anque no caso temporal podemos aceptar que a metodoloxía dos números índices está moi consolidada, no caso espacial non tanto, se cadra por ter participado do mesmo desinterese que existía polas comparacións espaciais en xeral.

A teoría dos números índices é o campo que ofrece os elementos para a construción destes índices espaciais á que lle hai que incorporar-lo desenvolvemento de conceptos novos ou que no caso temporal non teñen relevancia. O impulso destes aspectos estivo marcado pola construción das paridades de poder adquisitivo, como conversores alternativos ós tipos de cambio, ante os desaxustes que estes adoitan presentar con respecto á paridade real da moeda. Foi tamén trala Segunda Guerra Mundial, debido ó incremento da interrelación económica mundial e por zonas económicas, cando a formulación para determinar estas paridades foi adquirindo envergadura, á vez que supoñía unha busca na metodoloxía dos números índices para construí-lo que basicamente é un índice de prezos espacial.

Neste contexto, desenvolvéronse diversas propostas metodolóxicas e establécense ou retomáronse os conceptos máis destacados que han considerar de modo prioritario os números índices espaciais, como é o caso das propiedades recomendables, algunhas coincidentes co caso temporal, outras novas ou de especial cumprimento para a dimensión espacial.

Dentro do que constitúe parte do noso campo de investigación, seleccionamos un método para determinar índices de prezos que consideramos adecuado para as esixencias máis importantes e, á vez, eliximos estudar as diferenzas de prezos entre Comunidades considerando a distinción entre os servizos e os non-servizos. Comentaremos estas alternativas que consideramos.

Entre as distintas fórmulas de números índices, algunhas especialmente propostas para as comparacións entre distintos países ou rexións, seleccionamos para aplicar neste traballo a do método EKS, que se coñece así polas iniciais dos seus autores —Eltető e Köves (1964) e Szulc (1964)—, quen propoñen unha fórmula que determine índices que son circulares a partir dos índices de Fisher para cada par de rexións, de modo que estes experimenten a menor transformación posible para conseguila circularidade. A expresión da fórmula é:

$$EKS_{jk} = \left( \prod_{s=1}^n F_{js} F_{sk} \right)^{1/n}$$

que representa o índice de prezos da rexión  $j$  respecto á  $k$ , onde  $F_{js}$  é o índice de Fisher entre a rexión  $j$  e a  $s$ , e  $n$  o número de rexións incluídas na comparación.

A circularidade é una propiedade dos números índices que como se sabe, se verifica de se cumpri-la seguinte igualdade:

$$EKS_{ji} = EKS_{jk} EKS_{ki} \quad \forall j, k, i$$

isto é, unha vez que se determinaron os índices tomando unha rexión como referencia, se se varía esta os índices se obteñen mediante un produto do modo que anteriormente se expuxo.

Esta propiedade, xa incluída nos coñecidos tests de Fisher (Fisher, 1922), non se considera importante para o caso temporal; é máis, considérase conveniente que non se perda a fixación cronolóxica dos períodos temporais. No caso das comparacións espaciais resulta de importancia que tódalas rexións reciban un trato simétrico e que os resultados que se obteñan establezan unha escala única, de maneira que non se chegue a conclusións distintas por cál é o punto ou rexión de referencia. Isto é fundamentalmente o que se consegue cunha fórmula circular<sup>3</sup>.

Unha vez seleccionada a metodoloxía que destacamos como adecuada, sinalamos, segundo o noso obxectivo exposto, a análise das diferencias de prezos entre Comunidades para un conxunto de bens e servicios, en global e distinguindo os que son servicios dos que non o son. O obxectivo desa distinción baséase en determinar cómo poden variar as diferencias de prezos nos tres casos.

A hipótese inicial é que os bens, é dicir, os non-servicios teñen un carácter máis móbil e os seus prezos son homoxéneos entre as distintas Comunidades con menos dependencia do tamaño económico e da dotación e estrutura de funcionamento doutros factores rexionais. En cambio, os servicios que en xeral son menos intercambiábeis entre rexións ou países poden ter un prezo menos propenso á homoxeneización, polo tanto, que se fixan atendendo a características "máis autónomas" do país ou rexión en cuestión.

Dentro da teoría económica internacional, esta hipótese está recollida na teoría de Ricardo, que outros autores discutiron e analizaron. De modo simple pódese indicar que os prezos relativos dos bens non-comerciábeis internacionalmente e dos comerciábeis están positivamente correlacionados co desenvolvemento económico do país. Numerosos autores trataron este tema buscando causas que explicasen este fenómeno: Balassa (1964), Samuelson (1964), Bhagwati (1984), Falvey e Gemmel (1991), etc.

Co carácter necesariamente simplificador co que tratamos este tema nesta exposición e obviando os numerosos matices e explicacións que a cuestión require, podemos dicir que o feito empiricamente probado a través dos datos do International Comparison Project (ICP) —ver, por exemplo, Kravis, Heston e Summers (1982)— é que o ratio dos prezos non-comerciábeis e dos comerciábeis se incre-

<sup>3</sup> Outras características teóricas e formais da fórmula do método obviámolas nesta exposición.

menta co desenvolvemento económico. Podemos entender esta tendencia dentro dun esquema no que os prezos dos servicios se fixan, sobre todo, segundo a produtividade do sector dos bens manufacturados, a cal será baixa nos países de baixo nivel económico en contra dos prezos dos bens manufacturados, que terán prezos altos en relación á produtividade do sector por efecto da competencia internacional. Como comentamos, a partir deste esquema básico sucédense os modelos explicativos sobre a asociación anteriormente exposta.

Tendo en conta as diferencias existentes entre o contexto internacional e o rexional que nos ocupa, a hipótese que sostemos neste caso refírese a que as diferencias de prezos non serán as mesmas no caso dos servicios ca no caso dos non-servicios, ademais serán superiores para o caso dos servicios, aínda que as Comunidades Autónomas constitúen un ámbito homoxéneo en relación ó constituído por países desenvolvidos-países en desenvolvemento.

## **DESCRIPCIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS**

### **RESULTADOS OBTIDOS PARA OS PRINCIPAIS GRUPOS DE MERCADORÍAS**

A partir da formulación teórica e metodolóxica anteriormente exposta, realizámo-la medida empírica das diferencias de prezos entre as Comunidades Autónomas de España. Aplicámo-la fórmula do método EKS ós datos de prezos obtidos da *Enquisa Rexional de Prezos* realizada polo INE dentro do Plan Estatístico Europeo no último trimestre de 1989 e que nós utilizamos con ponderacións axustadas a partir do Índice de Prezos de Consumo, base 1992<sup>4</sup>.

Os prezos recollidos na devandita enquisa teñen unha cobertura sobre o consumo similar ó que posúe o Índice de Prezos de Consumo español. A partir deles determinámo-los índices de cada Comunidade con respecto a Madrid, seguindo o esquema da hipótese de traballo que formulamos, é dicir, diferenciando os bens dos servicios. A elección da rexión referencia, neste caso Madrid, non supón introducir ningún elemento perturbador na información que se pode deducir dos índices, xa que no método que aquí se utiliza a rexión referencia é só un punto de partida para establece-la escala relativa de niveis de prezos, de maneira que a posición relativa de cada Comunidade non se altera aínda que a rexión referencia cambie.

Os principais índices que se obteñen segundo os grupos de mercadorías considerados son os que a continuación se describen e dos que presentámo-los seus resultados na táboa 1:

- O denominado como TODO é o índice que contén a totalidade dos bens e servicios incluídos no estudio.

<sup>4</sup> O detalle sobre datos de prezos e ponderacións pódese ver en González Murias (1996). Os resultados non se extrapolan cara ós anos posteriores porque do Índice de Prezos de Consumo non se ofrecen resultados de servicios e non-servicios para as Comunidades Autónomas.

- NONSERVI é o índice no que se inclúen os bens.
- SERVI é o índice correspondente ós servicios.
- SERVI2 é o índice correspondente ós servicios no que se considerou eliminar aqueles que teñen prezo uniforme en todo o territorio de comparación, como é o caso dos transportes aéreos, ferrocarril, correos, teléfonos ou servicios financeiros (xa que neste caso só se inclúe o prezo dun xiro postal; evidentemente consideramos neste apartado unha moi deficiente aproximación ás diferencias de prezos neses servicios), etc.

**Táboa 1.-** Índices correspondentes ós bens (NONSERVI), de servicios (SERVI), de servicios menos os de tarifa nacional (SERVI2) e a totalidade dos bens e servicios (TODO)

CC.AA.	NONSERVI	SERVI	SERVI2	TODO
Madrid	1,0000	1,0000	1,0000	1,0000
Castela-A Mancha	0,9230	0,8523	0,8169	0,8917
Extremadura	0,9140	0,8488	0,8125	0,8851
Baleares	1,0396	0,9825	0,9793	1,0144
Cataluña	1,0280	0,9545	0,9412	0,9955
Galicia	0,9690	0,8989	0,8728	0,9381
A Rioxa	0,9680	0,9576	0,9463	0,9634
Murcia	0,9400	0,8974	0,8717	0,9213
Navarra	0,9931	1,0311	1,0381	1,0092
Asturias	0,9969	0,8878	0,8571	0,9481
Canarias	0,9266	0,8849	0,8889	0,9082
Cantabria	0,9988	0,9335	0,9164	0,9699
Andalucía	0,9376	0,9562	0,9447	0,9455
Com. Valenciana	0,9816	1,0040	1,0030	0,9912
Castela-León	0,9685	0,8748	0,8493	0,9267
País Vasco	1,0220	0,9931	0,9902	1,0093
Aragón	0,9459	0,9153	0,8942	0,9325
Media	0,9737	0,9337	0,9190	0,9559
Mediana	0,9690	0,9335	0,9164	0,9481
Máximo	1,0396	1,0311	1,0381	1,0145
Mínimo	0,9140	0,8488	0,8125	0,8851
Desv. típica	0,0384	0,0564	0,0684	0,0423
Coef. var. (%)	3,82	5,86	7,21	4,29

Consideramos, sobre todo, este último índice como medida para aproximar as diferencias de prezos rexionais neste tipo de gasto. Incluso, baixo unha perspectiva do poder adquisitivo da moeda, este poder estudíamolo mellor representado polo inverso deste índice SERVI2, tendo en conta que os servicios teñen unha oferta máis local, con prezos máis influídos por parámetros que veñen da propia demanda: nivel adquisitivo do cliente ó que vai destinado<sup>5</sup>.

Os índices obtidos indícanos que, como establecíamos na hipótese da análise,

<sup>5</sup> Aínda que non suscitamos aquí a súa discusión, tampouco nos esquecemos das dificultades de especificación que pode levar un servicio do que se desexa observa-lo seu prezo e que, malia o esforzo, poden conducir a apreciar " cousas " distintas. Isto non debe ocorrer nin tan frecuentemente nin con tanta disparidade en rexións moi homoxéneas.

existen diferencias de prezos entre Comunidades Autónomas e que son distintas segundo o conxunto de bens ou servizos ó que nos refiramos. Para a totalidade, esas diferencias, relativas á media, son segundo o valor do coeficiente de variación en porcentaxe, dun 4,29. No caso dos non-servizos esas diverxencias diminúen ata o 3,28 % mentres que para os servizos, considerando o conxunto delimitado no SERVI2, alcanzan o 7,21 %. Dentro da relativa homoxeneidade que se supón ó ámbito xeográfico de comparación, as diferencias son importantes e, como supoñamos, maiores para o caso dos servizos.

Con respecto á situación que os distintos índices describen para as Comunidades, podemos, en primeiro lugar, analiza-la táboa 2 na que se presentan as distintas rexións ordenadas en sentido decrecente para o índice TODO.

**Táboa 2.-** Relación de CC.AA. en orde decrecente do seu índice de prezos (TODO)


CC.AA.	Índice
Baleares	1,0144
País Vasco	1,0093
Navarra	1,0091
Madrid	1,0000
Cataluña	0,9955
Com. Valenciana	0,9911
Cantabria	0,9699
A Ríoxa	0,9634
Asturias	0,9810
Andalucía	0,9454
Galicia	0,9380
Aragón	0,9325
Castela-León	0,9266
Murcia	0,9212
Canarias	0,9082
Castela-A Mancha	0,8917
Estremadura	0,8851

O índice termo medio é de 0,9559 e a rexión mediana é Asturias. Se considerámo-los índices de tódalas Comunidades repartidos en tres grupos, con 6 rexións o primeiro, con 6 o segundo e 5 o terceiro, podemos realiza-lo seguinte balance:

- O primeiro grupo constitúeno as Comunidades máis caras, segundo o índice total. Está integrado por Baleares, País Vasco, Navarra, Madrid, Cataluña e a Comunidade Valenciana.
- O segundo grupo de Comunidades é o intermedio no nivel relativo de prezos e confórmano Cantabria, A Ríoxa, Asturias, Andalucía, Galicia e Aragón.
- O terceiro grupo é o que relativamente ten un nivel de prezos menor. As Comunidades que están neste grupo son: Castela-León, Murcia, Canarias, Castela-A Mancha e Estremadura.

A figura 1 ilustra esta situación segundo a clasificación realizada.

O índice que inclúe só mercadorías, NONSERVI, establece a orde que se presenta na táboa 3.

**Figura 1.-** Comunidades Autónomas clasificadas segundo o nivel dos prezos incluídos no índice TODO**Táboa 3.-** Relación de CC.AA. en orde decrecente do seu índice NONSERVI


CC.AA.	Índice
Baleares	1,0396
Cataluña	1,0280
País Vasco	1,0220
Madrid	1,0000
Cantabria	0,9988
Asturias	0,9969
Navarra	0,9931
Com. Valenciana	0,9816
Galicia	0,9690
Castela-León	0,9685
A Rioxa	0,9680
Aragón	0,9459
Murcia	0,9400
Andalucía	0,9376
Canarias	0,9266
Castela-A Mancha	0,9230
Extremadura	0,9140

Dos datos da táboa 3 dedúcese que, agás a primeira Comunidade por nivel alto e das dúas últimas por baixo, as cales non cambian de posición, nas restantes hai variacións considerables. Por exemplo, se facemos un reparto en tres grupos con 6, 6 e 5 Comunidades cada un, quedaría a seguinte clasificación:

- O grupo un queda formado por Baleares, Cataluña, País Vasco, Madrid, Cantabria e Asturias. Con respecto ó índice anterior, entran no grupo de maior nivel de prezo Cantabria e Asturias e saen del Navarra e a Comunidade Valenciana (aínda que Navarra ten un nivel próximo á última do grupo, Asturias). Cambian de orde Cataluña, que pasa de ser quinta a se-la segunda Comunidade máis cara, e o País Vasco, que era a segunda e que pasa á terceira posición.
- No grupo de nivel intermedio están: Navarra, a Comunidade Valenciana, Galicia, Castela-León, A Rioxa e Aragón. Galicia, A Rioxa e Aragón seguen mantendo o mesmo nivel relativo, pero agora resulta máis cara Castela-León (pasa a este grupo, cando antes estaba no de nivel inferior) e máis baratas en mercadorías as xa comentadas de Navarra e a Comunidade Valenciana.
- O grupo tres constitúeno Murcia, Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha e Estremadura. O cambio aquí, con respecto ó que ocorría para o índice total, está en que Andalucía integra este grupo e Castela-León pasou ó do nivel superior.

A figura 2 ilústranos todo isto.

**Figura 2.-** Comunidades Autónomas clasificadas segundo o nivel dos prezos incluídos no índice NONSERVI



Os dous índices calculados para os servizos establecen, practicamente, a mesma orde entre as Comunidades. A única diferenca provócaa Canarias, que está no lugar décimo cuarto para SERVI e cando lle eliminan os servizos de tarifa nacio-

nal (SERVI2) sitúase no décimo primeiro, movendo as demais cara a abaixo. Para SERVI2, a relación ordenada preséntase na táboa 4.


**Táboa 4.-** Relación de CC.AA en orde decrecente do índice SERVI2

CC.AA.	Índice
Navarra	1,0381
Com. Valenciana	1,0030
Madrid	1,0000
País Vasco	0,9902
Baleares	0,9793
A Rioxa	0,9463
Andalucía	0,9477
Cataluña	0,9412
Cantabria	0,9164
Aragón	0,8942
Canarias	0,8889
Galicia	0,8728
Murcia	0,8717
Asturias	0,8571
Castela-León	0,8493
Castela-A Mancha	0,8669
Estremadura	0,8125

Destaca nesta táboa o cambio que se produce nas Comunidades máis caras. Neste caso, de servicios son Navarra e a Comunidade Valenciana as dúas máis caras, desprazando a Baleares e a Cataluña. Baleares, que tanto no total como para as mercadorías era a máis cara, pasa a se-la cuarta, case un 6% máis barata ca Navarra. A división establecida nos índices anteriores queda, para este, como se recolle nos puntos a), b) e c) e como se ilustra na figura 3.

- O grupo 1 está integrado por Navarra, a Comunidade Valenciana, Madrid, o País Vasco, Baleares e A Rioxa. Con respecto a NONSERVI entra Navarra, a Comunidade Valenciana e A Rioxa. Sae do grupo Cataluña, que tanto para os bens como para o total era cara. Os cambios tan significativos como os que ocorren para Navarra, a Comunidade Valenciana, Cataluña, etc. son indicativos de cá é a compoñente que determina o nivel de prezos dunha Comunidade; por exemplo, os servicios para Navarra, os produtos para Cataluña, etc.
- O grupo intermedio de nivel de prezos constitúeno Andalucía, Cataluña, Cantabria, Aragón, Canarias e Galicia. Andalucía resulta máis cara en servicios ca en non-servicios, ó igual ca Canarias. Cataluña está neste grupo como indicativo de que é máis cara en non-servicios ca en servicios.
- No grupo de Comunidades máis baratas para os servicios están Murcia, Asturias, Castela-León, Castela-A Mancha e Estremadura. Asturias integra este grupo cando no caso dos non-servicios estaba no primeiro. Castela-A Mancha e Estremadura pechan a relación para tódolos índices que repasamos aquí.

**Figura 3.-** Comunidades Autónomas clasificadas segundo o nivel dos prezos incluídos no índice SERVI2



## ANÁLISE POLO MIÚDO DOS SERVIZOS INCLUÍDOS

A media de dispersión que se obtiña para os servizos, aínda despois de excluí-los de prezo único en todo o territorio de comparación (7,21% segundo o valor do coeficiente de variación en porcentaxe), inclúe situacións moi distintas segundo o servizo que se considere. Para tomar en conta as diverxencias que se producen, analizámo-las clases<sup>6</sup> nas que se agrupan os distintos servizos que inclúe a comparación.

Os servizos do grupo 2 (táboa 5) refírense ás reparacións de pezas de vestir e de calzado. En ambos, as diferencias de prezos son similares, con coeficientes de variación do 9,77 e do 8,84 % respectivamente. A especificación deste tipo de servizos é moi concreta e exhaustiva, polo que serán escasas as disparidades nos prezos de servizos distintos do indicado. Trátase, xa que logo, dunha mercadoría relativamente homoxénea para a súa identificación.

No grupo tres, vivenda (táboa 6), inclúense servizos con nulas diferencias, como é o caso da electricidade e do gasóleo, ata outros onde son moi considerables, como o caso da auga. As diferencias para a distribución da auga son, a través do coeficiente de variación en porcentaxe, dun 40,9 %, cunha distancia entre os

<sup>6</sup> A clase é unha agrupación de distintas mercadorías homoxéneas que se considerou como nivel de clasificación dos distintos bens e servizos. En moitos casos pode estar integrada por un único ben ou servizo.

índices máximo e mínimo (percorrido) de 1,2464. Polo tanto, como se pode comprobar, é una gran diverxencia a que existe por este concepto entre as rexións españolas.

O grupo de menaxe e de servizos para o fogar, o catro (táboa 7), ten varios grupos de servizos para os que as diferencias de prezos rexionais son grandes: para reparación de mobles e accesorios fixos con percorrido grande, de 2,003; a reparación de artigos téxtiles presenta unha dispersión media do 38,53%, igualmente considerable, cun percorrido de 1,2104. Aínda maiores son as diferencias que se observan nos servizos de reparación da vaixela e utensilios para o fogar, cunha gran distancia entre a Comunidade máis cara e a máis barata e, en xeral, con posicións moi diversas para o resto das Comunidades. Polo que se refire ó servizo doméstico, clase 4601, a diferenza segundo o coeficiente de variación en porcentaxe do 11,14% non é grande en relación coas que observamos que se producen noutros servizos deste grupo catro, pero hai que ter en conta que esta clase inclúe non só o pagamento directo ó servizo doméstico, senón tamén as cotas da Seguridade Social que teñen tarifa nacional.

**Táboa 5.-** Resultados dos servizos incluídos no grupo dous: vestido e calzado

CC.AA.	C2102	C2202
Madrid	1,000000	1,000000
Castela-A Mancha	1,026600	0,850600
Estremadura	1,206500	0,890700
Baleares	1,223600	1,030500
Cataluña	0,979900	1,031400
Galicia	1,059400	0,858500
A Rioxa	1,053000	0,906900
Murcia	1,140700	0,907800
Navarra	1,178200	1,107600
Asturias	1,021500	0,841900
Canarias	0,866700	0,874900
Cantabria	1,266000	0,899600
Andalucía	1,032200	0,969300
Com.Valenciana	1,136900	0,957000
Castela-León	1,010800	0,869300
País Vasco	1,203500	1,079800
Aragón	1,044100	0,895500
Media	1,085271	0,939488
Mediana	1,053000	0,906900
Máximo	1,266000	1,107600
Mínimo	0,866700	0,841900
Desv. típica	0,106146	0,083138
Coef. var. (%)	9,77	8,84
Percorrido	0,3990	0,2657
C2102: Reparacións de pezas de vestir;		
C2202: Reparacións de calzado.		

**Táboa 6.-** Resultados dos servizos incluídos no grupo tres: vivenda

CC.AA.	C3101	C3102	C3201	C3202	C3203	C3204
Madrid	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000
Castela-A Mancha	0,631383	0,509700	1,000000	1,018782	1,000000	0,391600
Estremadura	0,546038	0,776500	1,000000	1,018782	1,000000	0,404700
Baleares	0,790846	0,949000	1,000000	1,012830	1,000000	1,488000
Cataluña	0,947754	0,777400	1,000000	1,018782	1,000000	0,625000
Galicia	0,723124	0,497800	1,000000	1,018782	1,000000	0,424100
A Rioxa	0,736112	0,528400	1,000000	1,018782	1,000000	0,523800
Murcia	0,710970	1,550500	1,000000	1,024881	1,000000	0,406200
Navarra	0,814050	0,847000	1,000000	1,018782	1,000000	0,620000
Asturias	0,802890	0,761200	1,000000	1,150917	1,000000	0,271200
Canarias	0,709741	1,593000	1,000000	0,848727	1,000000	0,907700
Cantabria	0,857056	0,760400	1,000000	1,018782	1,000000	0,595200
Andalucía	0,697987	0,569600	1,000000	1,012830	1,000000	0,386900
Com. Valenciana	0,764705	0,761200	1,000000	1,008841	1,000000	0,610100
Castela-León	0,775188	0,346600	1,000000	1,134880	1,000000	0,370000
País Vasco	0,994975	0,905600	1,000000	1,012830	1,000000	0,556100
Aragón	0,644506	0,726400	1,000000	0,994710	1,000000	0,438500
Media	0,773372	0,815312	1,000000	1,019583	1,000000	0,589359
Mediana	0,764705	0,761200	1,000000	1,018782	1,000000	0,523800
Máximo	1,000000	1,593000	1,000000	1,150917	1,000000	1,488000
Mínimo	0,546038	0,346600	1,000000	0,848727	1,000000	0,271200
Desv. típica	0,124192	0,333800	0,000000	0,061756	0,000000	0,299245
Coef. var. (%)	15,57	40,9	0	5,87	0	50,77
Recorrido	0,4539	1,2464	0	0,3021	0	1,2168

C3101: Pisos, casas e demais en alugueiro; C3102: Distribución da auga; C3201: Electricidade; C3202: Gas cidade. Gas butano; C3203: Gasóleo; C3204: Carbón.

**Táboa 7.-** Resultados dos servizos incluídos no grupo catro: menaxe e servizos para o fogar

CC.AA.	C4102	C4202	C4302	C4402	C4502	C4601
Madrid	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000
Castela-A Mancha	0,673600	0,640700	0,967600	0,454600	0,944600	1,104100
Estremadura	0,827500	0,720000	1,081600	0,391200	1,203200	0,932100
Baleares	0,841300	0,456500	1,165600	0,452400	0,868100	1,152300
Cataluña	0,958600	0,703700	1,025900	0,498900	1,220600	1,152500
Galicia	0,744800	0,780700	1,023200	0,406700	0,993500	1,045700
A Rioxa	0,892900	0,648700	1,021800	0,313300	1,071700	0,901300
Murcia	0,787500	0,604500	1,135400	0,502200	0,912000	1,056100
Navarra	1,260300	1,057500	1,149500	0,368000	1,271900	1,451900
Asturias	1,153700	0,995700	1,034400	0,647100	1,042300	1,084500
Canarias	2,634400	0,819300	1,507700	1,467300	2,098900	1,163000
Cantabria	0,862300	0,178700	1,139900	0,356000	1,109500	1,237900
Andalucía	1,241100	1,389100	1,219900	0,338400	1,147100	1,077400
Com. Valenciana	0,957700	0,438700	1,040400	0,620800	1,058500	1,108000
Castela-León	0,631100	0,653100	0,974300	0,457600	0,961000	1,203600
País Vasco	0,965500	0,837200	1,803400	1,088200	1,310100	1,102200
Aragón	0,722200	1,226700	1,007400	0,715300	1,294800	1,168300
Media	1,009088	0,773576	1,135176	0,592824	1,147518	1,113153
Mediana	0,892900	0,720000	1,040400	0,457600	1,071700	1,104100
Máximo	2,634400	1,389100	1,803400	1,467300	2,098900	1,451900
Mínimo	0,631100	0,178700	0,967600	0,313300	0,868100	0,901300
Desv. típica	0,456859	0,298146	0,215281	0,315591	0,280440	0,124156
Coef. var. (%)	45,27	38,53	18,95	53,22	24,43	11,14
Percorrido	2,0033	1,2104	0,8358	1,1540	1,2308	0,5506

C4102: Reparación de mobles e accesorios fixos; C4202: Reparación de artigos téxtiles para o fogar; C4302: Reparación de aparellos electrodomésticos; C4402: Reparación da cristalería, vaixela e utensilios para o fogar; C4502: Servizos para o fogar; C4601: Servizo doméstico.

No grupo cinco, medicina e conservación da saúde (táboa 8), as diferenzas varían segundo o grupo de servizos. No caso dos servizos de dentistas, son dun 7,04% e alcanzan o 29,42 % para os de fisioterapeutas. Para estes servizos, relativamente non é moito o percorrido (0,86), polo tanto destaca a posición variada das distintas rexións. Sen embargo, para os servizos de médicos xeneralistas obsérvase un percorrido amplo (1,15) e, sen conta-las Comunidades de Canarias e Aragón, o resto están nunha situación moito menos diverxente.

**Táboa 8.-** Resultados dos servizos incluídos no grupo cinco: medicina e conservación da saúde

CC.AA.	C5202	C5301	C5302	C5303	C5304	C5305	C5306	C5400
Madrid	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000
Castela-A Mancha	1,082500	0,730000	1,030000	0,978700	0,940000	0,840000	0,890100	0,870000
Estremadura	1,136700	0,870000	1,470000	0,970500	1,130000	0,900000	0,769500	1,160000
Baleares	1,180000	0,970000	1,030000	0,912600	1,390000	0,520000	1,241000	1,190000
Cataluña	1,090000	1,060000	0,820000	0,926700	0,880000	0,950000	1,222800	1,210000
Galicia	1,021300	0,950000	1,100000	0,941500	1,130000	0,780000	0,981700	0,920000
A Rioxa	1,316000	1,030000	0,950000	0,869300	1,100000	0,490000	0,799400	0,860000
Murcia	1,100000	0,890000	0,970000	0,971800	0,940000	0,380000	0,810600	0,890000
Navarra	1,100000	0,750000	1,060000	0,976200	0,930000	1,240000	0,826500	1,000000
Asturias	1,320000	0,860000	0,950000	0,936800	1,240000	1,050000	0,819000	0,900000
Canarias	1,330000	1,880000	1,180000	0,996200	2,130000	0,490000	0,970100	1,030000
Cantabria	1,340000	0,990000	0,950000	0,989300	0,810000	1,150000	0,901900	1,060000
Andalucía	1,210000	0,940000	1,130000	0,782500	0,890000	0,790000	0,990600	1,210000
Com.Valenciana	1,550000	0,980000	0,850000	0,836200	0,790000	0,900000	0,938700	0,980000
Castela-León	1,227800	0,780000	1,090000	0,892500	1,350000	0,780000	0,747300	0,680000
País Vasco	1,350000	1,090000	1,080000	0,937300	1,290000	1,070000	1,059900	1,130000
Aragón	1,340000	1,360000	1,040000	0,823100	1,180000	0,930000	0,882800	0,950000
Media	1,217312	1,007647	1,041176	0,925953	1,124706	0,838824	0,932465	1,002353
Mediana	1,210000	0,970000	1,030000	0,937300	1,100000	0,900000	0,901900	1,000000
Máximo	1,550000	1,880000	1,470000	1,000000	2,130000	1,240000	1,241000	1,210000
Mínimo	1,000000	0,730000	0,820000	0,782500	0,790000	0,380000	0,747300	0,680000
Desv. típica	0,147263	0,268736	0,144952	0,065208	0,318573	0,246827	0,143668	0,146096
Coef. var. (%)	12,09	26,66	13,91	7,04	28,31	29,42	15,40	14,56
Percorrido	0,5500	1,1500	0,65	0,2175	1,34	0,86	0,4937	0,53

C5202: Reparación de aparellos terapéuticos; C5301: Servizos de médicos xeneralistas; C5302: Servizos de oculista; C5303: Servizos de dentista; C5304: Servizos de enfermeiros e practicantes; C5305: Servizos de fisioterapeutas; C5306: Curas en hospitais e similares; C5400: Estadía en sanatorio.

No grupo seis, transportes e comunicacións, a máxima diferenza ofrécena os servizos de mudanza (24,04 %), seguido dos transportes locais (15,98 %), e son pequenas no resto dos servizos incluídos no grupo por ser de tarifa nacional, agás Canarias, coma os carburantes, ou en todo o territorio, como correos e teléfonos, ou asimilados, coma o transporte interurbano, xa que as mesmas compañías cobren todo o territorio en case tódolos casos.

Para lecer, ensinanza e cultura (táboa 10), as diferenzas podémolas cualificar de "medias": un 22,43% en reparación de artigos recreativos, ou un 19,09% para os servizos recreativos.

**Táboa 9.-** Resultados dos servizos incluídos no grupo seis: transportes e comunicacións

CC.AA.	C6201	C6202	C6203	C6301	C6302	C6303	C6401	C6402
Madrid	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000
Castela-A Mancha	0,868470	1,000000	0,824757	0,573783	0,978182	0,836300	1,000000	1,000000
Estremadura	0,767458	1,000000	0,801559	0,689088	1,007703	0,614700	1,000000	1,000000
Baleares	0,980861	1,000000	1,010566	1,015868	0,967196	1,105000	1,000000	1,000000
Cataluña	0,969322	1,000000	1,246614	1,016160	1,042714	0,936100	1,000000	1,000000
Galicia	0,833286	1,000000	1,149217	0,881021	1,052899	0,560600	1,000000	1,000000
A Rioxa	0,886200	1,000000	1,095155	0,622494	1,019420	0,991800	1,000000	1,000000
Murcia	0,907600	1,000000	1,163923	0,895625	1,017836	0,674300	1,000000	1,000000
Navarra	0,948533	1,000000	1,303375	0,825683	1,036117	0,867700	1,000000	1,000000
Asturias	0,828013	1,000000	1,318877	0,875376	1,032946	0,627200	1,000000	1,000000
Canarias	0,931052	0,728700	1,166663	0,835950	0,936894	1,219200	1,000000	1,000000
Cantabria	0,845099	1,000000	1,295426	0,815625	1,010211	0,705600	1,000000	1,000000
Andalucía	0,958554	1,000000	0,992375	1,000000	1,011657	0,916600	1,000000	1,000000
Com. Valenciana	0,873425	1,000000	1,183537	0,935578	1,045172	1,074500	1,000000	1,000000
Castela-León	0,864685	1,000000	1,008264	0,813033	0,998568	0,570000	1,000000	1,000000
País Vasco	0,935051	1,000000	1,475451	0,968788	1,034986	0,871100	1,000000	1,000000
Aragón	0,853804	1,000000	0,989303	0,674616	0,963673	1,108900	1,000000	1,000000
Media	0,897142	0,984041	1,119121	0,849334	1,009187	0,863506	1,000000	1,000000
Mediana	0,886200	1,000000	1,149217	0,875376	1,011657	0,871100	1,000000	1,000000
Máximo	1,000000	1,000000	1,475451	1,016160	1,052899	1,219200	1,000000	1,000000
Mínimo	0,767458	0,728700	0,801559	0,573783	0,936894	0,560600	1,000000	1,000000
Desv. típica	0,063603	0,065800	0,179711	0,139929	0,032301	0,207657	0,000000	0,000000
Coef. var. (%)	6,87	6,6	15,57	15,98	3,10	24,04	0	0
Percorrido	0,2325	0,2713	0,6738	0,4423	0,116	0,6586	0	0

C6201: Gastos de reparación e mantemento de vehículos; C6202: Carburantes; C6203: Outros gastos relativos ó transporte (autoescola, seguro,...); C6301: Transporte local; C6302: Transporte interurbano; C6303: Mudanza; C6401: Servizos de correos; C6402: Servizos de teléfonos, telégrafos e télex.

**Táboa 10.-** Resultados dos servizos incluídos no grupo sete: lecer, ensinanza e cultura

CC.AA.	C7104	C7201	C7202	C7301	C7401
Madrid	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000
Castela-A Mancha	0,928000	0,714300	1,436364	1,004259	0,740300
Estremadura	1,504400	0,566000	0,989475	1,004903	0,844400
Baleares	0,930300	1,001300	1,597007	0,978206	0,767200
Cataluña	1,160700	0,863600	1,232918	1,030116	0,755577
Galicia	0,869400	0,684900	1,475495	1,004191	0,640800
A Rioxa	1,281800	0,746500	1,396420	1,003783	0,789200
Murcia	1,056200	0,737600	0,833197	1,000752	0,780200
Navarra	1,037800	0,757200	1,015740	1,039570	0,755577
Asturias	1,052400	0,747800	1,079081	1,093205	0,427400
Canarias	1,768700	0,745700	1,482156	1,028757	1,180100
Cantabria	1,095153	0,818400	1,663335	1,004903	0,755577
Andalucía	1,095153	0,707400	1,265114	1,003614	0,711800
Com. Valenciana	1,090500	0,854700	1,076271	1,045983	0,913300
Castela-León	0,872000	0,765000	1,200855	0,832170	0,571700
País Vasco	1,437700	0,787000	1,512106	1,018154	0,711200
Aragón	0,834300	0,886800	1,067626	1,011938	0,783500
Media	1,118500	0,787306	1,254304	1,006147	0,772225
Mediana	1,056200	0,757200	1,232918	1,004903	0,755577
Máximo	1,768700	1,001300	1,663335	1,093205	1,180100
Mínimo	0,834300	0,566000	0,833197	0,832170	0,427400
Desv. Típica	0,250996	0,109622	0,246871	0,051651	0,163835
Coef. var. (%)	22,43	13,92	19,09	4,98	21,21
Percorrido	0,9344	0,4353	0,8301	0,261	0,7527

C7104: Reparación de artigos recreativos; C7201: Gastos en cine, teatro, concertos,...; C7202: Servizos recreativos; C7301: Libros, folletos, xornais,...; C7401: Ensinanza.

No grupo oito, outros bens e servizos (táboa 11), están, por un lado, as nulas diferencias que se obteñen para o caso de servizos financeiros, debido sobre todo á única inclusión do prezo do xiro postal que é de tarifa nacional. Na clase de outros servizos (C8601) estas diferencias son do 48,12, no que se debe apuntar que son os servizos funerarios os que se incluíron nela. Os servizos para o coidado persoal ofrecen un coeficiente de variación do 34,67%, no que Canarias contribúe coa súa posición de Comunidade máis cara afastada da inmediatamente anterior en 0,86%. En xeral, os servizos teñen prezos máis dispares entre as rexións ca os non-servizos e presentan unha gran diferenza tamén entre eles. Para algúns, como analizamos, hai diverxencias rexionais moi amplas.

**Táboa 11.-** Resultados dos servizos incluídos no grupo oito: outros bens e servizos

CC.AA.	C8101	C8301	C8302	C8501	C8601
Madrid	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000	1,000000
Castela-A Mancha	0,975603	0,941984	0,974581	1,000000	0,338200
Extremadura	1,020764	1,043238	0,841674	1,000000	0,322700
Baleares	1,847151	1,042545	0,929439	1,000000	0,684800
Cataluña	0,906514	0,855141	1,062158	1,000000	0,955200
Galicia	1,084739	0,948060	0,913462	1,000000	0,502500
A Rioxa	1,284556	1,158775	0,922641	1,000000	0,709000
Murcia	1,477048	0,907925	1,012911	1,000000	0,393000
Navarra	1,445478	1,275357	1,219194	1,000000	0,673400
Asturias	1,229019	0,899074	0,784419	1,000000	0,384900
Canarias	2,709213	0,790791	0,638740	1,000000	0,320100
Cantabria	0,880139	0,935607	0,814326	1,000000	0,400000
Andalucía	1,197790	1,128548	1,115803	1,000000	0,805200
Com.Valenciana	1,061044	1,184087	1,050261	1,000000	1,339800
Castela-León	0,826519	0,964271	1,065375	1,000000	0,299300
País Vasco	1,361765	0,940819	0,899557	1,000000	0,505600
Aragón	1,218465	1,060479	0,787785	1,000000	0,724200
Media	1,266224	1,004512	0,943078	1,000000	0,609288
Mediana	1,197790	0,964271	0,929439	1,000000	0,505600
Máximo	2,709213	1,275357	1,219194	1,000000	1,339800
Mínimo	0,826519	0,790791	0,638740	1,000000	0,299300
Desv. Típica	0,452528	0,126698	0,143168	0,000000	0,293229
Coef. var. (%)	34,67	12,23	14,72	0	48,12
Percorrido	1,8826	0,4845	0,5804	0	1,0405

C8101: Servizos para o coidado persoal; C8301: Servizos de restaurantes; C8302: Hotéis e outros aloxamentos; C8501: Servizos financeiros; C8601: Outros servizos.

## CONCLUSIÓNS

Como se sinalou ó inicio da exposición do traballo, considerámo-la variable prezos importante en si mesma e pola súa incidencia noutras variables, para a análise económica comparativa das distintas Comunidades Autónomas en que se constitúe o Estado español. Sen dúbida, os prezos participan nas diferencias rexionais, polo que o seu tratamento teórico e metodolóxico adecuado axuda a que moitas decisións sexan máis equitativas como resultado da obxectiva visión da situación espacial.

A medición dos niveis de prezos que se realizou, sen estar exenta de limitacións, vinculadas sobre todo ós datos dos que se pode dispoñer, supón unha aproximación ás diferencias de prezos que se producen nun momento do tempo entre as rexións españolas.

Dentro do traballo realizado, detacámo-la aplicación dun método de determinación de índices de prezos, o EKS, que posibilita tratar simetricamente tódalas Comunidades.

Os resultados obtidos indícanos que existen diverxencias de niveis de prezos entre as distintas Comunidades, sendo superiores para os servizos que para os bens. De maneira ilustrativa pódense considerar tres niveis relativos de prezos nos que quedan clasificadas tódalas Comunidades para os distintos índices que se determinaron e que, ó ser relacionados coa renda, permiten determina-la renda real relativa de cada Comunidade.

## BIBLIOGRAFÍA

- BALASSA, B. (1964): "The Purchasing-Power Parity Doctrine: A Reappraisal", *Journal of Political Economy*, núm. 6.
- BHAGWATI, J.N. (1984): "Why Are Services Cheaper in the Poor Countries", *The Economic Journal*, núm. 94, pp. 279-286.
- BUENO LASTRA, J. (1990): *Los desequilibrios regionales: Teoría y realidad española*. Madrid: Pirámide.
- ELTETÖ, O.; KÖVES, P. (1964): "On Problem of Index Number Computation Relating of International Comparison", *Statisztikai Szemle*, 42.
- FALVEY, R.E.; GEMMELL, N. (1991): "Explaining Service-Price Differences in International Comparisons", *The American Economic Review*, vol. 81, pp. 1295-1309.
- GONZÁLEZ MURIAS, P. (1996): *Metodología estadística para la comparación de agregados económicos a nivel internacional*. [Tese de doutoramento]. Universidade de Santiago de Compostela.
- KRAVIS, I.; HESTON, A.; SUMMERS, R. (1982): "New Insights Into Structure of the World Economy", *The Review of Income and Wealth*, núm. 1.
- KRAVIS, I.; KENESSEY, Z.; HESTON, A.; SUMMERS, R. (1975): *A System of International Comparisons of Gross Product and Purchasing Power*. Baltimore and London: The Johns Hopkins University Press.
- SAMUELSON, P.A. (1964): "Theoretical Notes on Trade Problems", *The Review of Economics and Statistics*, vol. 31, pp. 380-403.
- SZULC, B.J. (1964): "Indices for Multirexional Comparisons", *Przegląd Statystyczny*, 3.